

Manda collóns o que teño que oír e soportar, pois no resulta que a miña chegada ao terruño despois dunha aventura propia dun superheroe americano, máis ben dun heroe mexicano intentando chegar á patria dos valientes, os meus xefes están de vacacións e “esqueceron” pagarme non só os meus moi ben gañados e xustos honorarios, senón o puto billete de volta para casa????????????!!!!!!!

Hoxe non hai informe, hoxe publicarei a miña odisea particular (ía por regreso a Ítaca despois de numerosas peripecias allende os mares pero pode resultar pedante e polo tanto non o poño.- como vedes é una forma maliciosa de decir que non o ía por cando en realidade non só o poño senón que ademáis o explico- Teño que deixar de ler “la razón” que me estou volvendo tan pedante como tonto e fillo de puta-. Pero as súas follas foron as únicas mantas que tiveron durante tres noites tirado por América adiante gracias os meus amados e moitas veces lembrados, sobre todo esta semán, xefes).

Ben, comezarei pero que sepan que quizais publique algo sobre os “xefes”. Sabedes que un funcionario está de vacacións?, non fai falla decir máis; funcionario é vacacións na mesma frase....outro aparece nos meus pesadelos vestido de verdura....o terceiro, deste non direi nada porque lembro ese sorriso de medio lado mentres suxeita con 3 dedos a cabicha retorcida e dame moito medo. Vichedes os Soprano ? entón me entendedes.

Voltando a miña peripecia. Todo empezou nunha tarde da primaveira austral a saída dun acto de irmandade ultrapeninsular (mitin de toda a vida) de Feij0012. Ao remate eu ía cun medio sorriso, nada que ver co xesto retorcido do terceiro anteriormente citado, lembrando as mulleres de máis de 70 anos de media a gritar; “Feijoo queremos un hijo tuyo” o cal me facía sorrir mentres pensaba: que se joda que son mulleres e ademáis octoxenarias (xa sei que é incongruente decir 70 anos e octoxenarias pero é que non me lembro como se escribe a séptima década da vida humana). Ademáis, e ma suda que me chamedes machista, o de mulleres vai pola noiva fantasma ben colocadiña nun posto directivo en Madrid que tiña Feij009 –Cheni, choni ou algo parecido- para disimular a súa condición inombrábel no PP, verdade Jesus@ Vázquez nº 1 de Ourense?.

Eses eran os meus pensamentos cando de pronto vin, non crin ver, vin a Pachi Vázquez pola outra beirarrúa (aquí non hai ningún chiste machista, é que ía pola outra beirarrúa é punto), entón fiquei distraído pensando; “me pagara Feij0012 esta información?, porque os farrapentos que me contrataron vai ser que non”. Neso estaba a miña prodixiosa mente cando me din conta que estaba perdido nunha cidade un chisquiño máis grande que Compostela e co inconveniente que non atopaba una misericordiosa catedral que me sirvira de compás, en realidade só atopaba un inmenso símbolo fálico no centro da vila (outra vez pensei en Jesus@ e outro malicioso sorriso **nota: teño que facerme*

mirar esto que non pode ser san)...e outra vez perdinme. Como un é unha persoa con estudos analicei a situación e dinme conta que tiña que ir a un banco a retirar os cartos, gañados honradamente, para mercar o billete de volta. Aquí é necesario un inciso para que sepades que só me pagaron o billete de ida. Pois ben dirixinme a una sucursal bancaria, négome a dar publicidade a ningún banco por eso non poño o nome, e alí
iiiiiiiiime cajo en deu.....os
put.....panda cabr.....xa voltarei
xa.....sei donde vivides!!!!!!!!!!.

En resumo, non recibín os cartos e me atopaba no mar da prata sen prata nunha (máis tarde entereime que os señoritos marcharan de vacacións ata o 22, olé os vosos collóns eu cun contrato ata o 21 e vos de vacacións ata o 22, nen o boi de Allariz os ten tan grandes panda cabróns!!!).

Pensei en atracar o banco pero dúas razón me botaron para atrás; a primeira que era una sucursal española, pensade o que querades o chiste é demasiado doado, e a segunda é que a jhabardina está ben, as gafas de sol tamén pero a lupa non asusta moito a no ser que sexas unha formiga. Polo tanto decidín sair a noite bonaerense cunha idea fixa; conseguir voltar a Compostela. A partir de aquí négome a decir como conseguín o billete para México (non vos preguntedes xa é a hostia conseguir un billete non?) pero que sepades que cun chapeu, una jhabardina, unas antiparras e unha lupa se poden facer maravillas nos tugurios do porto así como aprender a odiar máis, se é posíbel a estas alturas, aos meus xefes.

En realidade, grazas as miñas técnicas detectivescas, sabía que o máis doado era voltar nas sacas dos votos emigrados; con por PPSOE na fronte e contando coa intelixencia media dos corpos policiais non podía ser moi difícil entrar no avión pero non sei que cambio de lei electoral fixo que xa non levaran sacas. Putos partidos de esquerdas e a súa mania coa democracia real!!.

Voltando ao tema, xa estaba en Mexico DC, é dicir; a un pasiño do terruño..magoa non saber nadar. Só necesitaba outro empurroncito por detrás e xa chegaría a casa, ademáis xa era un experto en empurróns grazas as tres noites porteñas polo que non podería ser moi complicado.

Da estancia de Mexico só contar un detallíño, vos prometo que as bagoas esvaraban pola miña meixela cando crin estar no Salnes, en dous días vin narcos reverenciados, proquinexis ao paso dos caciques e santos e igrexas por doquier. Ademáis un cacique que deu cartos a un neno por limparlle os zapatos era calvito e con barriga.....aiiiiiiiiiiiiii canto me lembrei de Louzan. Aquí comprendín o que é a morriña porque ata botei de menos todo eso.

En canto ao billete de volta foi máis doado do imaxinado; preguntas polo pp galego e non dis nada de helicópteros (esto ten moi mala hostia o sei) e una

empresa estatal te pon a disposición un flotel Pemex para un viaxe paradisiaco a Galiza. A verdade e que non me enterei moi ben porque a única lectura-manta que tiveron desde Arxentina foi “la razón” atopada no mitín de Feij0012. Pero eu tamén ría con complicidade, sen enterarme de nada, cando falaban de “gallegos estúpidos que no saben lo que es una cláusula suspensiva” ou o máis enigmático “flotadores no flóteles es lo que vamos a construir y todavía le creen, es más fácil que aquí engañar a los votantes”....Pero esto é algo que non me interesaba nese intre. O importante é que declinei a oferta de PEMEX e aceptei un vo directo a Madrid, non sei se habería a Compostela pero alí a chaman Santiago e xa non quería máis sorpresas nin coñecemento de países sen un can no peto.

E así remata a peripecia, cheguei a Madrid,e fun a estación de Atocha o 26 de setembro, todavía non tiña moi claro donde estaba pero entón o feito diferencial español me fixo saber que estaba a menos de 700 kilómetros de casa. Os maderos entraron na estación disparando bolas de goma e botes de fume. Outro dubidaria donde estaba pero un bo detective non; so nun país democrático-ditatorial se pode usar armamento prohibido para masacrar a poboación en nome da democracia e a constitución. Ademáis axudo moito a saber que eran os maderos españois ver a un deles chocar cunha columna,levantarse e voltar chocar...outra pregunta respostada, xa sabedes donde acaba a droga que se perde nos cuarteis da benemérita. E demostrando que son moi bo os vou sorprender. Lembrades que vos decía que na volta a España os maderos ían nas lecheras dos picolos? Pois ben xa sabedes porque. Pero non vos debe de causar extrañeza nada dos corpos de seguridade españois que son capaces de abrir a testa dunha embarazada, dun octoxenario ou dun neno e non son capaces de distinguir un dente humano dunha costela dun gato.